

Parecias xeocosmolóxicas de predición do tempo en galego e maorí

Geocosmologic parecias of weather prediction in Galician and Maori

Laura López Fernández

University of Waikato, New Zealand
lopez@waikato.ac.nz

Resumo: O presente traballo comparativo recolle unidades fraseolóxicas, ou *dictons*, (Rodegem 1984 e Sevilla Muñoz 1988; 1992) relacionadas co campo semántico da predición do tempo en dúas culturas que non tiveron contacto entre si e que están situadas nos antípodas do planeta: a cultura galega e a cultura maorí¹. A metodoloxía empregada parte dunha análise comparativa diacrónica, mais non diatrática, de parecias xeocosmolóxicas que poden estar en uso ou non na actualidade e que comprenden ditos sobre fenómenos atmosféricos, a observación dos astros e predición do tempo a través da observación dos animais, especialmente os paxaros. Os ditos recollidos en maorí non proveñen de informantes, senón dos poucos libros e fontes dixitais existentes e representan só un fragmento da cultura oral tradicional e do pensamento e legado tradicional das distintas *iwis* (tribos). Os ditos recollidos en galego proceden de varias bases de datos, córpora e recursos dixitalizados.

Palabras clave: maorí, galego, ditos meteorolóxicos, predición do tempo, fenómenos atmosféricos.

Abstract: This comparative study collects phraseological units -dictons- (Rodegem 1984 e Sevilla Muñoz 1988; 1992) related to the semantic field of weather forecast from two cultures, which have

Data de recepción: 4.2.2015. Data de aceptación: 11.5.2015

¹ Unha referencia evidenciada de xentes en contacto entre España e Nova Zelandia (NZ) é a que se deu entre un baleeiro segoviano, Manuel Jose [<http://www.teara.govt.nz/en/biographies/1m12/manuel-jose>], que navegaba desde o Perú probablemente e chegou a Nova Zelandia e decidiu quedar a vivir na zona de Waiapu (na illa norte) a finais dos 1830. Alí viviu cunha tribo maorí, os Ngati Porou, que o aceptou e na que tivo cinco mulleres e miles de descendentes. A xente desa zona di que Manuel José introduciu o arado en Waiapu e tamén os toxos. Moito antes deste contacto hai outra referencia importante do século XVI, estudada por Robert A. Langdon en *The Lost Caravel* (1975), que fala da carabela perdida, a San Lesmes –unha das sete que partiu de España cara ao Pacífico na busca de especias no ano 1526, cen anos antes de Abel Tasmán, o primeiro explorador coñecido en NZ. Este barco perdeuse no Pacífico no mesmo ano e a tripulación contaba cuns 53 homes, a maioría galegos e vascos, que apareceron na illa norte de Nova Zelandia e se mesturaron cos maorís.

not been in contact, and which are located in the antipodes of the planet: Galician and Maori. The methodology used utilizes a diachronic analysis (although not diastratic), of geocosmological proverbs, that can be or not in use nowadays, which include dictons about atmospheric phenomena, observation of the stars and star lore, and weather forecast through observation of animals, especially birds. The dictons collected in Maori do not come from informants but from the few books and digital sources available at the moment and this represents only a fragment of their traditional oral culture, thought and legacy of the different iwís. The collected dictons in Galician have been collected from a variety of digital corpus and resources.

Keywords: Maori, Galician, meteorological dictons, weather forecast, atmospheric phenomena.

1. Introducción

Aínda que o galego e o maorí son dúas linguas que proceden de culturas moi diferentes e que tiveron unha evolución asincrónica, un acercamento aos costumes de ambos os pobos indica certas similitudes con respecto ao coñecemento tradicional sobre predicións do tempo baseado en fenómenos físicos. Hai que subliñar que este coñecemento que se transmitía oralmente continúa vixente só de modo limitado, en varias comunidades nas zonas rurais e só no grupo da xente máis vella. Tradicionalmente, os pobos galego e maorí mantiveron unha oralidade primaria (Ong 1987) e no caso do maorí, esta evidénciase até principios do século XX. Nas dúas culturas –mais en distintos períodos históricos- a observación da natureza, os mitos e os rituais constituíron unha parte integral do seu *modus vivendi* e *sentendi* e fixeron posíbel a continuación e preservación da súa cultura e identidade. En Nova Zelandia, a cosmovisión maorí baseada nunha interacción directa coa natureza era vital en termos de adaptación e supervivencia a un entorno marcado pola intensidade dos fenómenos atmosféricos tanto por parte das *iwís* (tribos) que vivían na costa como no interior. En ambas as dúas culturas (galega e maorí) existe unha marcada tradición oral, moi rica, con variábeis rexionais nas que hai unha alta frecuencia de ditos, de carácter máis ou menos rexional, que proceden da observación directa dos fenómenos físicos (nubes, arco da vella, chuvias, neve, ondas, temporais, etc.) e do mundo natural (certos paxaros, peixes e árbores dos bosques). Os paxaros, especialmente en Nova Zelandia, eran os máis observados, pois apenas había réptiles e os únicos mamíferos eran os morcegos e as baleas.

Os ditos que se conservan en maorí e en galego semellan arcaísmos dun legado inmutábel das raíces ancestrais, mais este legado de *dictons* é un conxunto de manifestacións vivas que posibelmente foron reelaborándose a través dos procesos creativos xerados polas comunidades particulares.

Este estudo diacrónico límitase á recolleita de ditos sobre a predición do tempo mediante a observación dos fenómenos atmosféricos, a influencia dos astros e a observación dos animais, especialmente os paxaros (o tipo de son, as horas do día ás que cantan, o tipo de voo, etc.). Cómpre notar tamén que estes e outros sinais, en principio, forman ditos e refráns cunha función didáctica para anticipar non só o tempo que vai vir, senón moitos aspectos transcendentais na vida diaria das *iwís* e tamén da Galicia tradicional rural. Comprobar hoxe en día a verdade destes ditos e refráns é un tema de estudo á parte. Véxase, por exemplo, o estudo de Germán Conde Tarrío “La verdad en el refranero:

los refranes meteorológicos gallegos” (2001). Un marco de referencia útil a esta análise é a terminoloxía e taxonomía de Cellard e Dubois (1985: 4-5) e o marco teórico de Pilar Río Corbacho (2005) con respecto ao que ela denomina ‘mal chamado refrán meteorolóxico’, que clasifica dentro das paremiás xeocosmolóxicas. Estas paremiás forman unha entidade autónoma con características propias dos *dictons* diferenciadas dos refráns, pois non son xocosas, non son metafóricas nin son universais². Segundo esta taxonomía as paremiás xeocosmolóxicas comprenden ditos sobre: 1) fenómenos atmosféricos (locais), 2) formas sentenciosas nas que se presenta a influencia dos astros sobre as persoas, 3) os animais e 4) os cultivos.

A metodoloxía utilizada é unha análise comparativa diacrónica, mais non diastrática, das unidades fraseolóxicas, *dictons* –que poden estar ou non en uso na actualidade- de dúas linguas moi diferentes: galego e maorí. Este estudo comparativo permite establecer semellanzas ou equivalentes paremiolóxicos con carácter universal, (trans) nacional e diferencias de procedencia local (segundo Río Corbacho este último trazo é propio dos ditos de predición do tempo). Outro tema para futuras análises sería investigar as posíbeis semellanzas (a maioría serían parciais) desde varios aspectos interlingüísticos e interculturais. As semellanzas das unidades fraseolóxicas e *dictons* presentan polo menos unha das seguintes características: significado idéntico, estruturas léxicas e sintácticas idénticas e imaxinería idéntica.

Neste traballo non se aplicará a noción restrinxida de semellanza léxica ou sintáctica, nin formal, pois trátase de linguas moi diferentes entre si, que impiden calcos ou unha equivalencia léxica parcial ou total. Tampouco se terá en conta o aspecto diastrático pero si se analizarán as posíbeis correspondencias ou equivalencias conceptuais (só de significado) parciais entre os ditos seleccionados en galego (a partir do século XVI)³ e en maorí. Débese subliñar que o termo *equivalencias* ou *correspondencias* é un concepto polémico segundo Amparo Hurtado Albir (2007: 204), debido ao carácter central e importancia na tradución. É un concepto ambiguo, como tamén o advertía Nord (1991: 22, ápub Hurtado 2007: 205). De todos os xeitos, hai distintos graos de equivalencias e correspondencias entre os ditos de varias linguas. Nas linguas romances, pero tamén noutras linguas europeas, hai recollidas moitas paremiás semellantes ou con equivalencias totais e tamén parciais⁴. As correspondencias parciais acontecen cando as

² Ref. Pilar Río Corbacho: “Para a fácil comprensión destas mensaxes o seu significado debería ser lineal, isto é, non metafórico, xa que era necesario que o texto fose comprendido por todos, quedando liberadas as paremiás meteorolóxicas de toda artificiosidade no seu enunciado. Así mesmo, elimínase o elemento xocoso nestes enunciados, xa que o que se pretende é dar unha información seria e fundamental, polo que foi presentada cun ton severo.” (2005: 253).

³ Segundo Pilar Río Corbacho non hai paremiás meteorolóxicas nas cantigas até o século XVI. “Entre as cantigas dos cancioneros galaico-portugueses non descubrimos ningunha paremia meteorolóxica, xa que os refráns destas presentan un elevado carácter moral e a súa mensaxe é universal, o que lles fai ser máis aptos para o campo da paremia. Tivemos que esperar ata o século XVI para achar as primeiras formas meteorolóxicas galegas.” (2005: 242).

⁴ Xesús Ferro Ruibal: “O caso é que as paremiás, ó brincaren por riba das fronteiras lingüísticas, revélanme por segunda vez que somos europeos e, se cadra, indoeuropeos.” (2012: 63).

unidades fraseolóxicas dunha das dúas linguas presentan un aspecto idiosincrático da cultura que non está presente na outra cultura pero comparten outros aspectos (Corpas Pastor 2003). As correspondencias nulas danse cando as unidades fraseolóxicas de cada lingua non presentan ningún aspecto en común.

2. A predición do tempo na cultura maorí

A cultura popular e a literatura oral maorí é moi rica en proverbios e ditos que teñen unha orixe cultural animista e tamén se basean nunha observación íntima da natureza. O animismo penetraba en tódalas esferas públicas e privadas dos maorís. A maioría dos proverbios e refráns tiñan unha función didáctica e dentro deste grupo os ditos servían para predicir o tempo, para saber cando era propicio cultivar, viaxar e para identificar o mellor día ou momento para comezar unha guerra ou outras iniciativas. Ademais de seren animistas, os maorís non dispuxeron de lingua escrita até ben entrado o século XIX e ao non existir a escritura non había unha lingua normativizada. Esta innovación chegou coa consolidación da colonización inglesa, feito que ironicamente veu acompañado dunha progresiva aculturación e diglosia fronte ao inglés. Outro aspecto importante que se debe ter en conta é que, tradicionalmente, os maorís vivían agrupados en *iwis* e cada unha delas dispoñía de expresións locais propias, fenómeno que dá conta da riqueza intercomunitaria de antano. É a partir do século XIX cando empezan a imporse cambios sistemáticos radicais coa introdución dunha relixión (cristiá, protestante) e coa aprendizaxe do inglés forzando, entre outras cousas, unha evolución irregular da lingua maorí e da cultura e identidade de cada *iwi*. O termo *maorí* comeza a ser utilizado coa presenza dos europeos nas illas. A lingua maorí vai rexistrando estes cambios que reflicten unha progresiva perda da vida tradicional e da cosmovisión animista, ao tempo que acontece unha progresiva importación do léxico e das estruturas lingüísticas do inglés⁵. En 1860 Te Reo Māori, a que fora a única lingua en Nova Zelandia (coas súas variantes) durante aproximadamente oito séculos, convértese nunha lingua minoritaria. Por unha banda, comezan a transcribirse elementos da sabedoría e folclore popular e, pola outra, dáse unha progresiva situación de diglosia e dependencia da cultura dominante europea (inglesa).

Os primeiros contactos evidenciados dos maorís con culturas non polinesias comezan no século XIX, a pesar de que tanto os portugueses como os españois tiñan unha presenza activa no Pacífico desde antes do século XVI, pero non hai evidencia de que chegasen a Nova Zelandia ou que chegasen con intención de quedar. Tampouco hai evidencia de que chegasen chineses ou xente da India. As primeiras incursións europeas comezan a partir da chegada do explorador holandés Abel Tasmán no 1642 e a historia de asentamentos

⁵ Coa chegada dos primeiros misioneiros ingleses a estas illas comezan a transcribirse expresións básicas dos maorís, así como a traducir a biblia ao maorí. Á perda dun estilo de vida e dunha cosmovisión tamén lle hai que engadir unha progresiva desaparición da flora e da fauna. Desafortunadamente, os colonizadores europeos en só 50 anos (1840-1890) acabaron de devastar as especies indíxenas autóctonas que quedaban (Riley 2001: 37). 'History of the Māori language': <http://www.nzhistory.net.nz/culture/maori-language-week/history-of-the-maori-language>.

européus ingleses non acontece até entrado o século XIX, feito que foi facilitado por varios exploradores no 1769, o inglés James Cook e, case ao mesmo tempo, o capitán francés Jean François Marie de Surville. Para entender os proverbios e ditos que se conservan en maorí hai que partir dunha cosmovisión animista intimamente ligada ás orixes míticas do seu pobo⁶.

En maorí a palabra *pēpeha* designa a sabedoría dos devanceiros, expresada en proverbios, encantamentos, modismos e ditos de todo tipo (Williams 1971: 274). A lingua do *pēpeha* difire moitas veces dos textos actuais escritos en maorí. Xa notou este contraste Sir Apirana Ngata, unha autoridade en maorí que escribiu *In former times a wealth of meaning was clothed within a word or two as delectable as a proverb in its poetical form and in its musical sound* (Ngata 1972: xv) [“En tempos antigos a riqueza de significados era recollida nunha ou dúas palabras tan exquisitas como un refrán na súa súa forma poética e na súa forma musical e sonora”-tradución da autora]. Os ditos e proverbios de antano serviron de inspiración a moitas xeracións de maorís e constitúen unha mostra colectiva complexa e única.

En contraste cos ditos e proverbios galegos, en maorí as publicacións físicas e dixitais, os córpora e as bases de datos son escasos, o que dificulta un estudo detallado e completo. Outro obstáculo son as variantes lingüísticas e tradicións locais de cada *iwi*. O seguinte esquema facilita a visualización da proposta de estudo:

Predición do tempo coa observación dos:	Semellanzas dos ditos segundo os criterios de:	Semellanzas dos ditos pola orixe
Fenómenos atmosféricos	Significado idéntico Significado parcial Nulo (sen semellanzas)	Ditos de orixe local Ditos de orixe (trans)nacional Ditos de orixe universal
Astros	Estruturas formais léxico-sintácticas (N/A)	
Animais: paxaros e peixes	Imaxinería idéntica Imaxinería parcial	

2.1. Predición do tempo coa observación dos fenómenos atmosféricos

2.1.1. *Ka āhei rawa au ki a Rūaimoko, kotahi ngaruetanga ka whiti tau kē*

“I know indeed that Ruaimoko by shaking alone causes the season to change”.
(Eu sei que Ruaimoko só con mover a terra produce un cambio de estación).
Ruaimoko era a personificación dos terremotos e perturbacións volcánicas. Críase

⁶ Segundo unha lenda maorí, os devanceiros dos maorís actuais viñeron en sete canoas hai entre 500 e 1000 anos dunha terra mítica chamada Hawaiiki e coa chegada dos misioneiros os coñecementos místicos e os tohunga perdéronse. (St. Clair 1987).

que este causaba os cambios principais de temperatura, de calor a frío e ao revés. (Best 1982: 284 ápub Neil Grove & Hirini Moko 2001: 151).

2.1.2. *Ngā uri a Whaitiri whakapapāroa kai*

“The offspring of Whaitiri who made food scarce” (Os fillos de Whaitiri fixeron escasear a comida). A neve e o xeo producen escaseza de comida e advirten que hai que prepararse con antelación. (Best 1899: 113; Brougham 1975: 38; Ihaka 1959: 26.54 ápub Neil Grove & Hirini Moko 2001: 336).

2.1.3. *Ka ngau ki te turikākoa te paringa o te tai, e tika te rere o te kūaka*

“When the surf flows over the seaside grass the flight of the godwit is straight” (Cando a corrente flúe sobre a herba á beira do mar o voo do francolín é recto”. Ás veces en lúa chea e lúa nova en marzo cando as mareas primaverais flúen sobre as herbas onde se alimentan estes paxaros á beira do mar o seu voo é recto, van dereito a aniñar a Siberia do Norte e Alasca. Nisto diferénciase doutras especies. Estas correntes sinalan o principio da migración corrente abaixo do inanga ou angulas e tamén o tempo de colleita de certas especies. (Williams 1908: 19; 1971: 459 ápub Neil Grove & Hirini Moko 2001: 172).

2.2. Predición do tempo coa observación dos astros

Para os antigos maorís os astros servían de guía para a vida diaria pero tamén formaban parte dun coñecemento profundo e espiritual e, desde esta perspectiva, o ceo constaba de doce niveis segundo os *tohunga* ou antigos chamáns maorís. Segundo A. T. Mann, Carl Jung pensaba que a humanidade usara os coñecementos das estrelas; durante moitos miles de anos os seres humanos proxeccionaron colectivamente moito do seu coñecemento nos planetas, nas estrelas e nas constelacións. Este coñecemento está dispoñíbel como unha gran fonte de recursos e información (1995: 97).

En maorí, os nomes das estrelas presentan diferenzas rexionais e tribais con respecto ás correspondencias climáticas e aos meses do ano. Os mesmos nomes teñen varios significados (descricións de estrelas, tempo estacional e da agricultura). Matariki (Mata Riki ou ollos pequenos, Mata Ariki ou ollos de deus) marcaba o inicio do novo ano para os maorís. Isto ocorría os últimos días de maio e até a primeira lúa de xuño. A constelación das Pléiades ou Matariki sitúase baixo o horizonte, no ‘inframundo’. Tres estrelas brillantes do cinto de Orión (Tautoru) alíñanse verticalmente no horizonte mentres que Sirio (Takurua) se sitúa directamente sobre elas. Matariki, Tautoru e Takurua forman un eixe clave de estrelas que servían para predicir se o ano ía ser bo para as colleitas, etc. A constelación das Pléiades (Matariki) foi moi relevante en moitas culturas antigas, tanto no hemisferio sur como no hemisferio norte (en Grecia, no Xapón, etc.). Este tipo de información pasou logo a ser rexistrada na mitoloxía.

2.2.1. *Ngā kai a Matariki, nāna i ao ake ki runga*

“The food supplies of Matariki; by her scooped up” (Os alimentos gardados de Matariki). De acordo cos Tūhoe, se as estrelas das Pléiades parecían estar

afastadas, ía vir unha estación temperada e abundante. (Best 1972: 53 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 323).

2.2.2. Ka kitea a Matariki, ka rere te korokoro

“When Matariki is seen, the lamprey migrate” (Cando se ven as Pléiades as lampreas emigran). Este era un tempo para comezar os labores agrícolas. (Best 1972: 3; 1977c: 813 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 162).

2.2.3. Ka rere a Matariki, ka wera te hinu

“When the Pleiades rise the fat is heated” (Cando aparecen as Pléiades quéntase a graxa). A referencia era que había que conservar os paxaros na súa graxa, unha delicadeza dos maorís. (Williams 1908: 20 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 181).

2.2.4. Ka rere ngā purapura a Matariki

“The seeds of the Pleiades are falling” (As semillas das Pléiades están caendo). Cando ocorre a aparición heliaca das Pléiades (en xuño) cae neve nalgunhas rexións e de aí esta expresión figurativa. (Neil Grove & Hirini Moko 2001: 182).

2.2.5. Ngā whetū hari kai mai

“The stars that bring food here” (As estrelas traen comida aquí). Certas estrelas e constelacións rexían cando plantar e recoller. (Brougham 1975: 110 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 338).

2.2.6. Takurua hūpē nui

“Winter the time of much nasal discharge” (O ‘inverno’ é o tempo de moitos arrefriados). Takurua é unha das estrelas máis brillantes de Sirio na constelación Canis Major. (Colenso 1879: 146; Williams 1908: 30; 1971: 70 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 357). Outra variante é *Te anu o Takurua* “The cold of Takurua” (O frío de Takurua).

2.2.7. Puanga kai rau

“Puanga of a hundred foods” (Na estación da estrela Puanga hai comida abundante). Rigel é a estrela máis brillante na constelación de Beta Orión. (Best 1977 c: 837; Grey 1857: 81; Williams 1908: 30; 1971: 302 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 346).

2.2.8. Te Paki o Autahi

“The fine weather of Autahi” (O bo tempo de Autahi). Autahi é a estrela Canopus, a máis brillante da constelación do sur Carina; refírese a que, ás veces, cando se ve, van ser unhas boas e prolongadas estacións de primavera e verán. (Brougham 1975: 129 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 384).

Os mesmos ditos para outras estrelas e meses son:

2.2.9. Te paki o Rūhī

“The fine weather of autumn” (O bo tempo de outono). Refírese á pequena estrela cerca de Antares que indica o noveno mes e o principio do outono. (Best 1898b; 106; 1977 c: 822; Brougham 1975: 129 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 384).

Unha variante da anterior é *Ko te paki nō Rūhī i horahia ki waho* “The fine weather of Ruhi is spread below” (O bo tempo de Ruhi esténdese por baixo). (Brougham 1975: 82; Grey 1857: 59 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 257).

2.2.10. Hauhake tū, ka tō Matariki

“Lifting of the crops begins when the Pleiades set” (A colleita comeza cando se asentán as Pleiades) (en marzo-abril). Outro dito especifica que a colleita comeza cando se eleva Vega (Whanui), a estrela máis brillante da constelación Lyra. (Te Waka Maori o Niu Tirani XI.13159; Turnbull n.d.: 38; Williams 1908: 15 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 61).

2.2.11. Ko Whānuī, e, ko Whānuī!

“It is Whanui! Oh, it is Whanui!” (É o Whanui! Oh, é o Whanui!). Esta era a chamada que ouvían ao aparecer heliaco da estrela Vega, o que significaba que era tempo da colleita da pataca doce. (Best 1972: 63f; Brougham 1975: 52 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 270-1).

2.2.12. Ka rere a Whānuī, ka tīmata te hauhake

“When Vega rises the harvest starts” (Cando Vega aparece comeza a colleita). (Williams 1971: 487 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 181).

2.2.13. Rehua kai tangata

“Rehua destroyer of people” (Antares o destrutor da xente). Rehua é un nome que designa a estrela de verán Antares, que se ve cando remata a colleita e os homes están libres para xuntarse en grupos de guerra. Tamén no verán morría xente debido a tanta calor, especialmente os vellos. (Best 1899: 107; 1903: 40; 1977c: 822; Brougham 1975: 113; Smith 1897a: 80 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 350).

2.2.14. Te po tutanga nui o Pipiri

“The long nights of the star Pipiri is seen” (Vense as longas noites de Pipiri). O primeiro mes era Tahī ou Ppīri e este dito refírese ás longas noites do inverno. O primeiro mes lunar era en xuño e xullo. (Grey 1857: 88).

2.2.15. Ika a Maui

“The fish of Maui” (Os peixes de Maui). Refírese á Vía Láctea. Ademais, Maui era o nome que a *iwi* Ngāi Tahu lle deu á illa norte de Nova Zelandia. A Vía

Láctea tamén se chama ás veces *Te Ikorea* “The great or long fish” (O gran peixe ou o peixe longo). (Riley 1990: 73-2).

2.2.16. Haere i mua, i te aroaro o Atutahi

“Go, or work away, before the rising of the star Atutahi” (Vai e traballa antes de que chegue Atutahi). En abril, Atutahi é a estrela Canopus na constelación Alpha Carina e tamén é a segunda estrela máis brillante despois de Sirius (Takurua).

2.3. Predición do tempo coa observación dos animais

Ás veces as analoxías forman correspondencias entre a natureza e os astros:

Existía unha dimensión económica e de supervivencia e outra espiritual entre os paxaros e os maorís, que tiñan dous niveis de coñecemento ou percepción: o popular e o dos rituais sagrados, preservados só para certas persoas das *iwis* que eran expertas. O coñecemento tiña compoñentes visíbeis e invisíbeis (Riley 2001: 5). Antigamente, este tipo de coñecemento e observacións transmitíanse oralmente e de memoria. Na actualidade, moitas das especies ás que se refiren os ditos están extintas.

2.3.1 Predición do tempo coa observación de paxaros

Paxaros e as diferentes funcións na cultura pre-europea maorí:

For many a century the pre-contact Māori developed a sophisticated structure of beliefs and customs about the birds of this land, this Aotearoa, this New Zealand. [...]

Larger birds like the harrier (kahu) and morepork (ruru) had other tasks in the Maori world, they acted as messengers to the gods in the heavens, winging their ways there along spiritual paths. They were the mediums used by tohunga experts to communicate with the gods. Tohunga also applied their skills to practical methods of bird catching. They read the signs of the sky, of the foliage, of the bird life. They oversaw the manufacture and storage of traps, lines and ladders used in hunting in the forests of Tane. They knew that Tane was the power and origin of all tree, bird and even human life. They recited the proper chants to him and other gods so that birds would be plentiful and the hunting successful. (Riley 2001)

2.3.1.1 Bellbird (endémico de NZ), Korimako, Makomako

2.3.1.1.1. Haere mai rā e te manuhiri tūārangi.

“Welcome stranger from afar” (Benvido estranxeiro de tan lonxe). Outro significado era predecir a chuvia. Se os paxaros cantaban certas notas indicaba que ía chover.

Os vellos maorís dicían que a canción destes paxaros como a dos *tui* era un *manuhiri*, (visitante ou invitado) “un paxaro de paso”. A súa presenza era benvida pero a chuvia “probabelmente non” (Riley 2001: 48).

2.3.1.1.2 Te māra o Tāne

Antigamente, cando os maorís ouvían pola madrugada (3:00-5:00 am) os *bellbirds* era hora de ir traballar e ao atardecer era hora de ir para a casa.

2.3.1.2. Bittern, Kaka haere: O abetouro

2.3.1.2.1. Me he mea kaka haere te matuku i te pō he tau waipuke.

“If the bittern continues to cry out as it moves about at night, then a season of floods will follow” (Se o abetouro non deixa de chorar cando se move pola noite, entón teremos inundacións) (Riley 2001: 57).

O son dos abetouros cando voan *kaka-ing* é un sino de cambio de tempo e os vellos maorís tiñan este moi en conta (Riley 2001: 57).

2.3.1.3. Cuckoo, Koekoe: O cuco

O cuco na Polinesia era portador de mensaxes e era capaz de atopar lugares. Hai unha tradición que di que o capitán dunha canoa soltou dous paxaros cerca de Nova Zelandia para axudalo a localizar a terra. Os cucos pasaban o inverno en Rarotonga e viñan a Nova Zelandia en outubro usando a mesma ruta que os primeiros maorís que chegaron a Nova Zelandia. Os maorís atribuíronlle características divinas ou sagradas ao cuco chamado tamén Rakamaomao, irmán do deus dos ventos coma o seu pai. O *koekoe* canta cando o vento sopra do sur e non comeza de novo até que vén un vento do oeste ou unha brisa do norte. O vento do sur chámase *te potiki a Rakaomao*. O *koekoe* ou paxaro sagrado anuncia a chegada do primeiro mes do verán (outubro) (Riley 2001: 58).

2.3.1.3.1 Ka tangi te wharauora, ko ngā karere a Mahuru.

“If the shining cuckoo cries, it is a message from Mahuru” (Se o cuco chora, é unha mensaxe de Mahuru). Mahuru é o mes de setembro e literalmente significa *brote* (primavera). Mahuru é o espírito lendario dos devanceiros da terra mítica orixinaria Hawaiki.

Cando as notas deste cuco se ouvían claramente *kui kui* significaba que non había froitas nese tempo. Non obstante, en decembro o canto do cuco sinalaba o regreso de Antares (a estrela Rehua) aos ceos de Aotearoa (Riley 2001: 62). Un tipo de cuco chamábase *Te Manu a Maui* (“Maui’s bird”) porque o seu canto representa antigas frases dos maori *tewha a Maui*, un encantamento para plantar do semideus Maui, que cando se transformaba neste cuco se sentaba no sacho do seu pai. Maui podía adoptar a forma de moitas especies de paxaros.

2.3.1.3.2 Ko tangi te wharauora kua tou te kumara.

“When the cuckoo sings it is time to plant the sweet potato” (Cando o cuco canta é hora de plantar as patacas doces) (Riley 2001: 64).

2.3.1.3.3 Ka tangi te pīpīwharauroa, ko te karere a Mahuru.

“When the cuckoo cries, that is the herald of spring” (Cando o cuco chora é o comezo da primavera) (Fulton 1903: 134; Grey 1857: 44; Williams 1971: 165, 379 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 187).

2.3.1.4. Falcon, Te kārewarewa: O falcón

Este paxaro predí cambios de tempo. Outro nome é *kauaua* que significa “it will be very rainy” (choverá moito). Un nome popular en inglés é tamén “rain bird” (paxaro da chuvia).

2.3.1.4.1. Ka tangi te kārewarewa ki waenga ō te rangi pai, ka ua āpōpō; ka tangi ki waenga ō te rangi ua, ka paki āpōpō.

“If the sparrowhawk screams on a fine day, it will rain on the next day; if it screams on a rainy day, the next day will be fine” (Se o gabián berra nun día claro, choverá ao día seguinte; se o gabián berra nun día chuvioso, haberá bo tempo ao día seguinte) (Riley 2001: 71).

A chamada *ke-ke-ke-ke* desde o alto alertou o semideus Tāwhaki da inminencia dun maremoto (Riley 2001: 72).

2.3.1.5. Fernbird, (endémico de NZ), Mātātā, Ngako, Wetito, Kūkurutoki

Cando canta *hākuwai* predí chuvia. Cando di *puahau* predí vento e cando di *hōkioi*, bo tempo.

2.3.1.5.1. He hōkioi te manu e karanga tonu ana i tōna ingoa (Riley 2001: 82)

O *hoikoi* é o paxaro que sempre inclúe o seu nome cando canta. Este dito refírese ás persoas que sempre están alardeando dos seus propios logros.

2.3.1.6. Godwit, Kūaka: O mazarico

Os maorís (Ngāti Awa e Ngāti Tāhuhu) que viñeron do Pacífico seguindo o voo dos mazaricos chegaron a Nova Zelandia.

2.3.1.7. Harrier, Kāhu, Kērangī: A gatafornela

Se se ouve a gatafornela nun bo día, entón pola tarde choverá (H. J. Fletcher Collection 1918? ápod Riley 2001: 96).

No inverno este paxaro non canta. Porén, no verán si que o fai e por iso este dito:

2.3.1.7.1. Ko ngā tohu ō te raumati waru, ko te kē o te kāhu ki te rangi me te hū o te matuku ki te repo

“The screeching of the harrier in the sky and the boom of the bittern in the swamp are signals of a summer scarce of food” (O berro da gatafornela no ceo e o cu do abetouro no pantano son sinais dun verán con pouca comida) (Riley 2001: 96).

2.3.1.8. Kiwi, Tokoeka, Roa, Tokoweka: O kiwi

2.3.1.8.1. Horo kiwi, horo weka

“When the kiwi searches for food, the weka watches” (Cando o kiwi busca comida a weka mira). Este dito predí un mal verán.

2.3.1.9. Kōkako, Ruru, Kouko, Peho: O moucho

O *kōkako* (moucho) é un paxaro nocturno e considerábase o paxaro escondido de Tāne.

2.3.1.9.1. Te haka a Tānerore

“The dancing of Tānerore” (A danza de Tanerore). Ten dous significados: refírese a cando a terra ruxe durante un terremoto. O outro sentido máis popular é o temor do aire quente nun día de verán. Tānerore tamén personifica os raios do sol dos días calorosos de verán. Outros significados populares son que cando canta de noite predí a morte de alguén. Outras familias maorís considerábano un espírito feminino protector da casa (Riley 2001: 146).

Koukou é a chamada típica deste paxaro e o nome maorí para o moucho macho. Se se oe unha soa vez pola noite é sinal de mal tempo. Se se oen paxaros que se responden entre si é sinal de que se aproxima unha tormenta. A presenza de moitos mouchos no outono é sinal de ventos furacanados e dun mal inverno. A chamada apresurada dun moucho novo é sinal de chuvia (Riley 2001: 148).

Outro tipo de moucho, extinto na actualidade, o *whekau* ou *ruru* ou *whenua* tamén predicía chuvia e enfermidades.

2.3.1.10. Purple Swamphen, Pūkeko: A galiñola púrpura

2.3.1.10.1. He pākura ki te pō, he kākā ki te ngahere

“A pukeko at night, a kaka in the forest” (O *pukeko* pola noite e a kaka no bosque). Ambos os dous paxaros avisan do paso das horas pola noite cun canto ou chamada.

2.3.1.10.2. Kai hea te pakura e keho mai na?

“Where is the pūkeko that is calling now? (Onde está o *pūkeko* que está chamando agora?). Refírese ás chamadas do *pukeko*. A primeira *waenganui pō* prodúcese no intervalo entre a noite e o día, despois vén unha segunda chamada e despois unha terceira anunciando o novo día (Riley 2001: 158).

2.3.1.11. Robin, Pitoitoi, Karuwai, Totoara, Toutouwai: O paporroibo.

2.3.1.11.1. Kua rarahi ngā mata ō te tōtōara

“The eyes of the robin are enlarged” (“Os ollos do paporroibo están agrandados”). Significa que xa vai escurecer. O sol xa deixou de brillar, ti e eu, todo está máis claro (Riley 2001: 171).

2.3.1.12. Grey Warbler, Riroriro, Horirerire, Whiringa-a-tau: O reiseñor

2.3.1.12.1. I hea koe i te tangihanga o te riroriro?

“Where were you when the riroriro sang?” (Onde estabas cando cantou o reiseñor?). O canto deste paxaro anunciaba cando preparar a terra para a horta e o cuco cando plantar as patacas doces. Este paxaro era un paxaro de estacións. O reiseñor gris tamén anuncia chuvia dous ou tres días antes. Parece non completar a canción e alterar as notas.

2.3.1.12.2. Ka tangi mai te riroriro, ko te tohu o te raumati, ka tūtū nga tāne, ki ngā uwaha, a wai nā waka

“When the riroriro calls, it is the sign of summertime” (Cando canta o reiseñor vén o verán) (Riley 2001: 206).

2.3.2. Predición do tempo a traves da observación dos peixes

Ngā ika a Whaitiri

“The fishes of Whaitiri” (Os peixes de Whaitiri). Os peixes son os fillos de Whaitiri e Kaitangata. Unha interpretación é que ás veces este dito se refire a que vai nevar, sarabiar e xear (Williams 1971: 325 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 323).

3. A predición do tempo na cultura galega

Tanto en galego como en maorí certos paxaros (algúns comúns a ambas as dúas culturas como a curuxa) anuncian malos agoiros, predín en certas circunstancias a morte dun ser querido, un accidente, ou a avinza desfavorábel dunha guerra ou disputa, etc. Neste proxecto non recollemos esa abundante fraseoloxía común nas dúas linguas, senón que nos centramos na predición do tempo a través da observación da natureza (animais, especialmente paxaros e peixes). A maioría das veces, trátase de refráns cunha función descritiva ou didáctica.

3.1. Predición do tempo coa observación dos fenómenos atmosféricos

3.1.1. *A chuvia de febreiro fai o palleiro.* (Taboada Chivite 2000: 51).

3.1.2. *A chuvia de san Xuán tolle o viño e non dá pan.* (Taboada Chivite 2000: 46).

3.1.3. *A chuvia no mes de agosto non é chuvia, é mel e mosto.* (Taboada Chivite 2000: 51).

3.1.4. *A *luna de *octubre sete días cubre. O que ocorre os sete días ocorrerá as sete lúas distintas.* (Taboada Chivite 2000: 52).

3.1.5. *A xeadada de febreiro mata a vaca e mailo leiro.* (Taboada Chivite 2000: 57).

3.1.6. *Ano de neves ano de *bienes.* (Taboada Chivite 2000: 60).

3.1.7. *Ano de xeadas, ano de fornadas.* (Taboada Chivite 2000: 60).

- 3.1.8. *Arco iris formado, nin bo tempo, nin moi malo.* (Taboada Chivite 2000: 61).
- 3.1.9. *Brétema en Padornelo, sardiña no garabelo.* (Taboada Chivite 2000: 61).
- 3.1.10. *Brétema na montaña, pescador á cabana.* Viveiro. (Taboada Chivite 2000: 66).
- 3.1.11. *Brétema no monte, millor que pola mañá é pola noite.* (Taboada Chivite 2000: 66).
- 3.1.12. *Brétema no vale, pescador, á *calle.* Viveiro. (Taboada Chivite 2000: 66).
- 3.1.13. *Entre Marzo e Abril Sal o cuco do cubil Que coa neve non quer vir. Entre Marzo e Abril Si non vén o cuco Quer ví- la fin.* (Corpus TILG. de la Iglesia, Antonio María (1886): *El idioma Gallego, su antigüedad y vida* (vol. III: *Literatura popular*); 105-238).
- 3.1.14. *Cando chove, chove; cando neva, neva; mais, cando fai vento, ese si que é mal tempo.* (Taboada Chivite 2000: 69).
- 3.1.15. *Cando chove e fai sol anda o demo no Ferrol.* (Taboada Chivite 2000: 69).
- 3.1.16. *Cando chove e fai vento, *señal de mal tempo.* (Taboada Chivite 2000: 69).
- 3.1.17. *Cando ó Nordeste chove, hastra as pedras move.*
- Estes refráns mariñeiros recolleunos para o *Gaiteiro de Lugo* Antonio López Polo (Almanegra), mariñeiro do mar de Viveiro. Ano 1971 (Taboada Chivite 2000: 70).
- 3.1.18. *Cando ó pescador vénlle a iauga antes que o vento, aferra e mete dentro.*
- Estes refráns mariñeiros recolleunos para o *Gaiteiro de Lugo* Antonio López Polo (Almanegra), mariñeiro do mar de Viveiro no ano 1971 (Taboada Chivite 2000: 70).
- 3.1.19. *Ceo craro e lostregante, tempo bo e mais sofocante.* (Taboada Chivite 2000: 73).
- 3.1.20. *Ceo escamado, nordeste ó rabo.* Viveiro. (Taboada Chivite 2000: 73).
- 3.1.21. *Ceo estrelado, chao mollado, auga no sobrado.* (Taboada Chivite 2000: 73).
- 3.1.22. *Ceo ovellado, en tres días mollado.* (Taboada Chivite 2000: 73).
- 3.1.23. *Ceo tellado, nin bo nin malo.* (Taboada Chivite 2000: 73).
- 3.1.24. *Día de neboeiro, día de sualleiro.* (Taboada Chivite 2000: 81).
- 3.1.25. *Febreiro quente trae o demo no ventre.* (Taboada Chivite 2000: 91).
- 3.1.26. *Maio atreboado, ano temperado.* (Taboada Chivite 2000: 97).
- 3.1.27. *Neve na costa, chuvia na porta.* (Taboada Chivite 2000: 104).

3.1.28. *Niebla no mes de agosto, nin bo nadal nin bo magosto. (Taboada Chivite 2000: 104).

3.1.29. O día da Candelaria, si chora ou venta, inverno entra. E si non venta nin chora, inverno fóra. (Taboada Chivite 2000: 113).

3.1.30. Outubro quente, inverno detente; outubro afriar, inverno a escoar. (Taboada Chivite 2000: 132).

3.1.31. Vento Norte, tempo forte. (Taboada Chivite 2000: 160).

3.1.32. Vento pra Portugal o vrau está no* umbral. (Taboada Chivite 2000: 160).

3.1.33. Vento solán, vento na man. Lugo. (Taboada Chivite 2000: 160).

3.1.34. Xaneiro, xeadeiro; febreiro, marmaruxeiro, cada surco seu regueiro; marzo, nin o rabo do gato mollado; abril, canta poida vir; maio, pardo; san Xoán, craro; santa Mariña, calor; agosto, millor, conténtate, labrador. (Taboada Chivite 2000: 162).

3.2. Predición do tempo coa observación dos astros:

3.2.1. As estrelas miudiñas son as que compón o tempo; dime, di me, rapaciña: onde té-lo pensamento. (Corpus TILG. Pérez Ballesteros, José (1979): *Cancionero Popular Gallego* (vol. III).

3.2.2. Sol barbado, nordeste ó rabo. Lugo. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.3. Sol barbado, vendaval duro. Lugo. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.4. Sol madrugadeiro, chuvia no quinteiro. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.5. Sol madrugadeiro mete o can no palleiro. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.6. Sol madrugador e cura *callexeiro nin o cura é bo nin o sol duradeiro. Almoite. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.7. Sol madrugador, home rezador e muller cortés, eu renego deles tres. Santiago. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.8. Sol na aira e auga no lameiro non pode ser. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.9. Sol tempraneiro, auga no palleiro. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.10. Lúa a saír, marea a subir. *Faro de Vigo*, 10/3/79. (Taboada Chivite 2000: 96).

3.2.11. Lúa con cerco, auga no rego. (Taboada Chivite 2000: 96).

3.2.12. Lúa de xaneiro non ten compañeiro, sinón a de agosto que lle dá no rostro. (Taboada Chivite 2000: 96).

3.2.13. *Lúa nova e lúa vella, baixamar ás oito e meia.* *Faro de Vigo*, 31/3/74. (Taboada Chivite 2000: 96).

3.2.14. *Lúa nova trobexada, trinta días de mollada.* *Vigo*. (Taboada Chivite 2000: 96).

3.2.15. *Lúa posta, baixamar na costa.* *Faro de Vigo*, 31/3/74. (Taboada Chivite 2000: 96).

3.2.16. *Cerco na lúa, enxuga a lagúa.* (Taboada Chivite 2000: 73).

3.2.17. *Cerco na luna, auga segura.* (Taboada Chivite 2000: 96).

3.2.18. *Cheas no xaneiro, redes ó fumeiro.* Refróns do Almanaque Agrícola ZZ –1969. (Taboada Chivite 2000: 96).

3.3. Predición do tempo coa observación dos animais: paxaros

3.3.1. A curuxa: Morepork, Ruru.

3.3.1.1. *Curuxa tardega, áugoa noitega.* (Corpus TILG. *Nós. Boletín mensual da Cultura Galega*, nº 36, 15 de decembro de 1926; 18).

3.3.1.2. *A curuxa de madrugada, vento ou xiada.* (Corpus TILG. Lence-Santar, Eduardo, 1939: *Etnografía mindoniense*. Edición de Armando Requeixo (2000); 73).

3.3.2. O cuco: Long-tailed Cuckoo, Koekoeñ

3.3.2.1. *O cuquiño a cucar, e a ruliña a rular, colle o fouciño e vai sementar.* (Corpus TILG. *Nós. Boletín mensual da Cultura Galega*, nº 36, 15 de decembro de 1926; 18).

3.3.2.2. *Si oies ó cuco tres días despois de <3 San Pedro 3>, cava, cavador, e non teñas medo.* (Corpus TILG. Lence-Santar, Eduardo (1939): *Etnografía mindoniense*. Edición de Armando Requeixo (2000); 76).

3.3.2.3. *Cando o cuco quer cantar a mañá vai despertar.* (Corpus TILG. Fernández Teixeira, Manuel María (1954): *Terra Cha. Poemas*; 76).

3.3.2.4. *Cando canta o cuco o criadoponse farruco.* (Taboada Chivite 2000: 69).

3.3.2.5. *(O cuco) se vén pola ribeira, fame na feira.* Pois existe a crenza de que se vén por abaixo será mal ano mentres que, pola contra, se se sente cantar o primeiro día cara a arriba, na montaña, será un bo ano. ***Cando o cuco chega, case sempre en días quentes e solleiros.*** O tempo poucos días máis adiante vira de xeito precipitado e volta a neve, o frío e a choiva (Corpus TILG. Parada Jato, Jesús Alfonso (2007): *Usos, costumes e cousas do Courel*; 71).

3.3.2.6. *Cando xa cantou o cuco, corren as choivas de abril e as lampreas son de baixada.* Desovadas, case mortas, perderon gran parte da súa exquisitez (Corpus TILG. Galdo, Fausto (2012): *Abecedario das mantenzas*; 169).

3.3.2.7. *Cando chega o cuco, vén o pan ó suco.* (Taboada Chivite 2000: 69).

3.3.3. A gaivota: Black-Bucked Gulls, Karoro

3.3.3.1. *Gaivotas, mensaxeiras das tromentas, chilrando, medorentas, polos sombrisos ceos, vense ir; contr ‘ as nubes o lóstrego s ‘ acende; o trono xa se fende, e sintese, ó ir a rolos, prercutir.* (Corpus TILG. Rodríguez Barreiro, Lisardo (1923): *Escumas e brétemas. Versos gallegos*; 111).

3.3.3.2. *Cando a gaivota anda á gravisela, mal para nós e fame para ela.* (Corpus TILG. Nós. *Boletín mensual da Cultura Galega*, nº 36, 15 de decembro de 1926: 18).

3.3.3.3. *Cando as gaivotas bailan a muiñeira hai que gardá-lo millo da eira.* (Corpus TILG. Nós. *Boletín mensual da Cultura Galega*, nº 36, 15 de decembro de 1926: 17).

3.3.3.4. *Os veciños de ‘Ons’ [...] Adiviñan o mal tempo porque cantan as gaivotas por riba dos pedras, porque os rañacús ou estrelas de mar saen a tomar o sol e porque os merlos cantan nas silveiras, pois si cantan nos penedos é sinal de bon tempo.* (Corpus TILG. Nós. *Boletín mensual da Cultura Galega*, nº 131-132, novembro-decembro de 1934: 171).

3.3.3.5. *Cuando a gaviota vai pral mar, coye el arado i pon te a arar.* (Corpus TILG. Fernández Vior, José Antonio (1997): *Notas etnolingüísticas del Conceyo da Veiga*; 72).

3.3.3.6. *Cuando a gaviota vai pra terra, coye a brosa i fai estelas.* (Corpus TILG. Fernández Vior, José Antonio (1997): *Notas etnolingüísticas del Conceyo da Veiga*; 72).

3.3.3.7. *Cando a gaviota visita o labrador, mal lle vai ó pescador.* (Taboada Chivite 2000: 68).

3.3.4. A bubela, Hoopoe.

3.3.4.1. *Cando canta a bubela, a faba na terra.* (Taboada Chivite 2000: 69).

3.3.4.2. *Cando canta a bubela, millo á terra.* (Taboada Chivite 2000: 69).

3.3.5. Paxaros en xeral:

3.3.4.3. *Canta a ra no mes de abril, encrúa o tempo e vólvese ó cubil.* Lugo. (Taboada Chivite 2000: 71).

3.3.4.4. *Páxaro na aldea e *reloj na *población é unha equivocación.* (Taboada Chivite 2000: 133).

4. Semellanzas dos ditos en galego e maorí

Téñense como base os seguintes criterios:

- (1) Significado idéntico/ parcial ou nulo (cando non hai semellanzas semánticas)
- (2) Estructuras formais léxico-sintácticas (N/A)
- (3) Imaxinería idéntica/ parcial

Dos ditos recollidos en galego e en maorí atópanse semellanzas parciais de significado na observación dos astros e dos animais (paxaros). En maorí non contamos con exemplos suficientes sobre a observación dos fenómenos atmosféricos para predicir o tempo, aínda que si existen moitos refráns de observación dos fenómenos atmosféricos para outros fins. Tamén hai moitos refráns nos que os paxaros e os astros adquiren trazos personificados converténdose en refráns didáctico-morais. Outro uso moi popular en maorí é a observación dos cantos dos paxaros a horas específicas para predicir a morte ou un evento catastrófico. En condicións ideais e podendo facer un estudo máis detallado e sistemático dos ditos meteorolóxicos, usando fontes orais -informantes nas zonas rurais onde se asentaron as distintas *iwis* e falando con xente maior, poderíamos atopar unha mostra máis relevante. Non se rexistran na escrita ditos meteorolóxicos no campo semántico das ondas (aínda que oralmente pode que si sexa un campo activo). Un informante contoume que un maorí que vive nunha pequena illa ao norte de Auckland lembra máis de dez nomes para os distintos tipos de ondas que tiñan significados diferentes para os antigos habitantes desa illa. Este coñecemento non está recollido por escrito en fontes públicas. Tamén sospeito que pode haber ditos atmosféricos de predición do tempo baseados na observación das nubes e da chuvia, tendo en conta que na illa norte chove moito e sabemos que os maorís eran expertos en navegación, e a observación do ceo e das estrelas era algo funcional e vital na vida diaria de antano. Tamén un dos varios xeitos en maorí de nomear orixinarmente a illa norte e, despois, toda Nova Zelandia é *Aotearoa*, que presenta varias traducións. A tradución máis popular é “a terra da longa nube branca”, pero *aotea* tamén pode ser unha canoa ou a galaxia de Magalláns, satélite da Vía Láctea: “*ao*: nube, amencer, día ou mundo”, “*Tea*: branco, claro, brillante”, “*roa*: longa”. Outro significado é a galaxia Magalláns. Outra tradución de *Aotearoa* é “o mundo longo e brillante” ou “a terra do día permanente”, en contraste cos días máis curtos ao norte da Polinesia.

En galego contamos cunha abundante fraseoloxía de predición do tempo baseada na observación dos fenómenos atmosféricos. Pero tamén hai moita máis historia e tradición de recollida de ditos e refráns. Proba diso son os córpora, libros e estudos como “Parecias meteorolóxicas galegas: crítica e hermenéutica deste xénero literario” (2012) de Xesús Ferro Ruibal, publicado en *Géolinguistique* 13. Neste estudo o autor subliña, entre outras cousas, a importancia de diferenciar o pensamento tradicional do pensamento científico e racional cando tratamos de interpretar os ditos e refráns:

A segunda peculiaridade é a lóxica propia do pensamento tradicional. Aínda que os refráns, pola súa redondez expresiva, parezan leis físicas, non o son nin o pretenden ser: son simples cautelas meteorolóxicas. Un refrán meteorolóxico aproxima dous feitos (Fume baixo, sinal de auga) ou aproxima un feito expreso a outro elíptico para provocar unha recomendación (Lúa deitada, mariñeiro en pé). [...] O pensamento tradicional non funciona co principio de contradición. Por iso os refráns meteorolóxicos nin son dogmas de fe nin son axiomas científicos inequívocos e inexorábeis. [...] A sincronía de dous feitos non é nin pretende ser causalidade nin inexorabilidade estatística. (2012:104-105)

Neste traballo e nas mostras recollidas, que non son exhaustivas nin totalmente representativas das culturas en cuestión, pódense indicar semellanzas de significado parcial en ambas as culturas, así como semellanzas parciais na imaxinería empregada. Porén, penso que hai unha maior tendencia en maorí a personificar aspectos meteorolóxicos e xeotermiais porque se trata dunha cultura que estivo relativamente illada do resto do mundo durante máis de oito séculos, e por razóns xeográficas pero tamén pola maior incidencia destes fenómenos (especialmente terremotos e actividade volcánica) e polos efectos radicais que estes poden causar na vida diaria. Algunhas semellanzas parciais proveñen dunha observación detallada dos sons e cantos dalgúns paxaros como o cuco ou a gaivota anunciando nas dúas linguas cando é bo tempo para a colleita, cando é apropiado ir pescar ou cando vai chover. Estas semellanzas parciais de significado e de imaxinería teñen unha fonte de inspiración común na observación da natureza e, con moita probabilidade, usáronse de guía tradicionalmente con fins diversos como arar a terra, pescar ou empezar ou rematar os labores agrícolas diarios.

4.1. Semellanzas dos ditos en base á orixe

4.1.1. Ditos de orixe local, (trans)nacional e universal

Os ditos en galego presentan diversas procedencias de orixe. Hai ditos de procedencia local como *Brétema en Padornelo*, *sardiña no garabelo*, *Cando chove e fai sol anda o demo no Ferrol*; ditos de orixe rexional como *A chuvia de San Xuan tolle o viño e non dá pan*, ou ditos de orixe nacional e plurinacional (ditos que son similares en varias linguas romances) como *Ano de neves ano de benes*, *Febreiro quente trae o demo no ventre*, *En abril augas mil*, etc. Moitos ditos en maorí teñen unha orixe plurinacional ou transnacional e reflicten antecedentes e fontes comúns a certas illas do Pacífico (Rarotonga, Tonga, Fiji), segundo os recompiladores dos ditos recollidos (Murdoch R., N. Grove, Moko Mead, M. Orbell). Outros ditos son de orixe local, especialmente os que teñen como referente un monte ou un lugar particular. E outros ditos son comúns en varias *iwis* na illa norte. Os dous pobos presentan semellanzas no uso de ditos meteorolóxicos en base á orixe. Outra cuestión, como se mencionou anteriormente, é a de comprobar a verdade ou veracidade dos ditos de predición do tempo, pois cando os ditos non teñen unha orixe local perden o sentido de referencialidade, poden adoptar elementos creativos ou, ao tratarse de ditos de hai moitos séculos, xa non reflicten os patróns do tempo hoxe en día. Como di Conde Tarrío con respecto á veracidade dos ditos en galego:

El refranero gallego no refleja con exactitud la climatología de Galicia: se fija más en las temperaturas que en las precipitaciones. Se nos habla de frío cuando en Galicia el frío es “sensible”, es decir, la gente lo siente por la gran humedad reinante, pero no es tan excesivo como se pretende. [...]


Si un refrán nace como fruto de la experimentación, como es el caso de los meteorológicos, nos atrevemos a afirmar que un agricultor gallego no puede constatar que el mes de abril sea el más lluvioso. Esto nos hace pensar que el proverbio “En abril augas mil” ha sido traído a nuestra tierra, tal vez por los

“alugados”, (personas que iban alugadas a Castilla para traballar en las faenas del campo) a su vuelta de la Meseta. (2001: 66)

Os ditos climatolóxicos recollidos en maorí tampouco reflicten con exactitude a climatoloxía variada do país, ademais cada *iwi* tiña cadansúas variantes lingüísticas e ditos e moitos non están recompilados por escrito. A maioría das *iwis* asentáronse en distintos lugares da illa norte e ían en canoas á illa sur basicamente na procura de xade ou para matar moas para comer (aves xigantes extintas). Outro problema é que en maorí dependemos da tradución ao inglés, unha lingua moi diferente e sen unha correspondencia semántica total ou literal. No proceso de translación semántica empobrecécese ou límitase a posíbel riqueza de contido dos ditos na lingua orixinal. Ademais dos baleiros léxicos, temos o problema de transmitir contidos de tipo animista a unha lingua e pensamento racional non animista, limitando captar o sentido profundo e contextual ou a intuición do que os antigos maorís querían expresar. Outra limitación é que os ditos recollidos aquí proceden de fontes que só reflicten un fragmento da variada tradición oral de antano. Mais a pesar das limitacións lingüísticas, da perda de sentidos na tradución e da asincronía histórica entre os dous pobos, esta pequena mostra quere presentar que por riba das diferenzas lingüísticas, culturais, relixiosas e xeográficas que existen entre culturas tan separadas entre si, tamén se intúen algunhas semellanzas parciais na observación e función dos astros e dos animais no pensamento tradicional maorí e galego. Trátase de observacións semellantes de carácter funcional, non sempre referencial, e tamén simbólico, recollidas en ditos meteorolóxicos nunha época na que predominaba unha cultura oral de subsistencia agrícola, de caza e mariñeira.

5. Conclusións

Neste estudo comparativo de parecias de predición do tempo en galego e en maorí, -dúas linguas e culturas situadas xeograficamente nos antípodos do planeta e que non tiveron contactos entre si- ponse de manifesto a existencia de tendencias similares en ambas as linguas no proceso de observación do mundo natural (cantos particulares e a determinadas horas de certos paxaros, e peixes) e dos astros en relación coa predición do tempo. Un trazo popular en ambas as culturas é predicir a través dos animais o cambio de estación ou se vai facer bo ou mal tempo para a colleita, para sementar, ou se vai haber tormentas, temporais, etc. En ambas as dúas culturas existe unha presenza de *dictons* de orixe local (a veracidade destes ditos é intransferible dun lugar a outro), pero tamén hai expresións de orixe nacional e transnacional (das illas do Pacífico en maorí e, de Europa, sobre todo das linguas romances, no galego). Tamén se observan algunhas diferenzas. En maorí parece haber unha maior abundancia de unidades fraseolóxicas do tempo baseadas na observación dos astros, constelacións, etc., e tamén é máis común o uso de personificacións dos peixes, dos astros e dos paxaros. Este trazo reflicte unha ausencia de sincronización cultural e de cosmovisión entre o maorí e as linguas e culturas europeas modernas (inglés, galego etc.). Outros trazos contrastivos son a ausencia dunha lingua escrita en maorí até moi recentemente e a consecuente carencia de corpus lingüísticos



http://www.takoa.co.nz/iwi_maps_south.htm

6. Corpus, recursos e ligazóns útiles

6.1 En galego

- Instituto da Lingua Galega: [<http://ilg.usc.es/gl/recursos/>].
- AMPER-Galicia: [<http://ilg.usc.es/amper/>].
- Arquivo do Galego Oral (AGO): [<http://ilg.usc.es/ago/>].
- Dicionario de dicionarios da lingua galega (DdD): [<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>].
- Dicionario de dicionarios de xirias: [<http://sli.uvigo.es/xirias/>].
- Estudos de Lingüística Galega (ELG): [<http://www.usc.es/revistas/index.php/elg>].
- FOLERPA - Ferramenta On-Line para ExpeRimentación Perceptiva: [<http://ilg.usc.es/FOLERPA/>].
- Índices do Atlas Lingüístico Galego: [<http://ilg.usc.es/indices/>].
- Recursos Integrados da Lingua Galega (RILG): [<http://sli.uvigo.es/RILG/>].
- Rede Tecnoloxías e Análise dos Datos Lingüísticos (TecAnDaLi): [<http://ilg.usc.es/tecandali/>].
- Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG): [<http://ilg.usc.es/TILG/>].

- Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG): [<http://ilg.usc.es/tmilg/>].
- Ligazóns sobre revistas, arquivos, centros e estudos de cultura etnográfica: [<http://www.culturaspopulares.org/links1.php>].
- ParemioRom: [<http://stel.ub.edu/paremio-rom/es/%C3%A1mbito-tem%C3%A1tico-general/>] [<http://stel.ub.edu/paremio-rom/es/p%C3%A1ginas/enlaces-de-inter%C3%A9s>]

6.2. En maorí

- Mapas visuais e sonoros: [<http://www.teara.govt.nz/en/nga-manu-birds/page-3>] [<http://www.teara.govt.nz/en/nga-manu-birds/page-4>].
- Glossary of Māori Proverbs, Sayings and Phrases: [http://ojs.review.mai.ac.nz/info/proverbs_and_sayings.php].
- The Maori: Yesterday and To-day. Chapter IX. Whakatauki. Some maori proverbs and aphorisms: [<http://nzetc.victoria.ac.nz/tm/scholarly/tei-CowYest-t1-body-d1-d9.html>].
- Maori Proverbs Massey Univ.: [<http://www.massey.ac.nz/massey/maori/maori-language-month/korero/maori-proverbs.cfm>].
- Royal Society of NZ: [http://rsnz.natlib.govt.nz/volume/rsnz_12/rsnz_12_00_001250.html].
- Maori- Death- Mythological origins: [<http://www.teara.govt.nz/en/tangihanga-death-customs/page-2>].
- Planeta Maori Proverbs: [<http://planeta.wikispaces.com/maoriproverbs>].
- Maori Proverbs: [<http://www.maori.cl/Proverbs.htm>].
- Maori Sayings From Nature: Story: Kōrero taiao – sayings from nature: [<http://www.teara.govt.nz/en/korero-taiao-sayings-from-nature>].
- Traditional Maori Proverbs: Some General Themes: [<http://www.otago.ac.nz/deepsouth/vol3no1/moon2.html>].
- Mapa das iwis de Aotearoa:
Te-Ika-a-Māui= illa norte [http://www.takoa.co.nz/iwi_maps_north.htm] / Te Waipounamu= illa sur: [http://www.takoa.co.nz/iwi_maps_south.htm].
- Mitoloxía maorí: [<http://rongowhakaata.iwi.nz/culture/whakapapa/>].

7. Bibliografía

CELLARD, Jacques e DUBOIS, Gilbert (1985): *Dictons de la pluie et du beau temps*. Paris: Éditions Belin.

- CONDE TARRÍO, Germán (2001): “La verdad en el refranero: los refranes meteorológicos gallegos” en *Paremia* 7; 61-68.
- CORPAS PASTOR, Gloria (2003): *Diez años de investigación en fraseología, análisis sintáctico-semánticos, contrastivos y traductológicos*. Madrid: Iberoamericana.
- FERRO RUIBAL, Xesús (2012): “Paremias meteorolóxicas galegas: crítica e hermenéutica deste xénero literario” en *Géolinguistique* 13; 61-121.
- GREY, Sir George (1857): *Ko Nga Whakapepeha. Nga Whakapepeha a nga Tipuna. Aotearoa. Proverbial and Popular Sayings of the Ancestors of the New Zealand Race*. Cape Town: Saul Solomon and Co., Stream Printing Office.
- GROVE, Neil e MOKO MEAD, Hirini (2001): *Ngā Pēpeha. A ngā Tipuna. The Sayings of the Ancestors*. Wellington: Victoria University Press.
- HURTADO ALBIR, Amparo (2007): *Traducción y traductología: introducción a la traductología*. Madrid: Cátedra.
- KEANE, Kelly (2012): “Ngā manu – birds - Birds’ names” en *Te Ara - the Encyclopedia of New Zealand*. Actualizada 14.10.2012.
[<http://www.TeAra.govt.nz/en/interactive/12179/bird-calls>]. [10.1.2015]
- MANN, Alden T. (1995): *The elements of reincarnation*. Great Britain: Element Books Ltd.
- McCONNELL, Robert N. e McCONNELL, Vivienne M. (2012): “Manuel José” en *Dictionary of New Zealand Biography. Te Ara - the Encyclopedia of New Zealand*. Actualizada 30.10.2012.
[<http://www.TeAra.govt.nz/en/biographies/1m12/manuel-jose>]
- NGATA, Sir Apirana T. (1970): *Ngā Moteatea. Part III*. Wellington: The Polynesian Society.
- NORD, Christiane (1991): *Text Analysis in Translation*. Amsterdam: Rodopi.
- ONG, Walter J. (1987): *Oralidad y escritura. Tecnologías de la palabra*. México: Fondo de Cultura Económica.
- ORBELL, Margaret (1995): *The Illustrated Encyclopedia of Maori Myth and Legend*. New Zealand: Canterbury University Press.
- PHILLIPS, Jock (2012): “European exploration” en *Te Ara - the Encyclopedia of New Zealand*. Actualizada 9.11.2012. [<http://www.TeAra.govt.nz/en/european-exploration>].
- RILEY, Murdoch (1990): *Maori Sayings and Proverbs*. Compiled by Murdoch Riley. New Zealand: Viking Sevenses NZ Ltd.
- (2001): *Maori Bird Lore. An introduction*. New Zealand: Viking Sevenses NZ Ltd.
- RÍO CORBACHO, María Pilar (2005): “O refrán meteorolóxico: estudo, comparación con outras linguas (catalán e francés) e proposta de nova denominación” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 7, 2005; 239-260. [<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg07.pdf>]
- RODEGEM, François-Marie (1984): “La parole proverbiale (II)” en SUARD, François e BURIDANT, Claude (1984): *Richesse du Proverbe*. Lille: Université de Lille III; 121-135.

- SANTAMARINA FERNÁNDEZ Antón (coord.): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega. USC: [<http://ilg.usc.es/TILG/>] [10.10.2014].
- SEVILLA MUÑOZ, Julia (1988): *Hacia una aproximación conceptual de las paremiás francesas y españolas*. Madrid: Ed. Universidad Complutense.
- (1992): “Propuesta de sistematización de los *dictons*” en *Revista de Filología Francesa* 1, 1992; 175-187.
- ST CLAIR, John (1897): “The Ancient Wisdom of the Maoris” en *Theosophy*. April 1897.
[http://www.theosociety.org/pasadena/theos/v12n01p11_ancient-wisdom-of-the-moaris.htm]
- TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): *Refraneiro galego. Cadernos de Fraseoloxía galega* 2, 2000. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; 194 páxs.
- VV.AA. “History of the Māori language” (2014): Ministry for Culture and Heritage.
[<http://www.nzhistory.net.nz/culture/maori-language-week/history-of-the-maori-language>]. [2.11.2014].
- WILLIAMS, Herbert W. (19717): *A Dictionary of the Māori Language*. Wellington: Govt. Printer.